

Betanzos *Semana Santa*

Do 12 ao 21 de abril de 2019



*«...tomaron ramos e palmeiras
e saíron ao seu encontro...»
(Jn 12, 13)*

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA





IV Ciclo de Música Sacra

Sábado 13 de abril

NA IGREXA DE SANTIAGO

Ás **20.30 h**: Pregón de Semana Santa por conta do exalcalde da Coruña, *Francisco Vázquez Vázquez* e, seguidamente, concerto pola **Coral Polifónica de Betanzos**.

Domingo 14 de abril

NA IGREXA DE SANTA MARÍA DO AZOUGUE

Ás **21.00 h**: Te Deum de Charpentier (*Coro Cantabile*).

Luns 15 de abril

NA IGREXA DE SANTA MARÍA DO AZOUGUE

Ás **20.30 h**: A música lévanos a Deus (*Ensemble Iulius XIII*)

Martes 16 de abril

NA IGREXA DE SAN FRANCISCO

Ás **20.30 h**: Requiem de Mozart (*Orquestra e Coro Gaos*)



“Tomaron as palmeiras e saíron ao seu encontro”

(Xoán 12, 13).

Así foi recibido Xesús ao entrar en Xerusalén. Entrada triunfal, morte de Cruz e vitoria na Resurrección. Da cruz de Cristo brota a vitoria. Pero temos que aprender a recoñecela. E para iso axúdanos a contemplación da Paixón.

En Betanzos podemos contemplar a Paixón visiblemente coas procesións que percorren o noso centro histórico. Pero somos introducidos na Paixón por medio das celebracións litúrxicas, tamén fundamentais para a nosa fe. Fe nosa e fe de moitos. Fe que algúns plasmaron en composicións artísticas, como as que poderemos contemplar estes días en Betanzos.

Saímos ao encontro de Cristo. Do mesmo xeito que os discípulos aclamaron a Xesús como Mesías, como o que vén no nome do Señor, tamén nós confesamos a nosa fe un ano máis: El é a Palavra única e definitiva de Deus Pai, El é a palabra feita carne, El é quen nos falou do Deus invisible. El é a maior declaración de amor que cabería esperar.

Sigamos a Cristo: os ramos de oliveira, signo da paz mesiánica, e os ramos de palma, signo do martirio, don da vida a Deus e aos irmáns, cos que aclamaremos a Xesús como Mesías, testemuñan a nosa adhesión firme ao misterio pascual que celebramos na Semana Santa.

Domingo de Ramos na paixón do señor, cando o noso Señor Xesucristo, como indica a profecía de Zacarías, entrou en Xerusalén sentado sobre un asno, e ao seu encontro saíu a multitude con ramos de oliveiras.

Actos previos



Venres 29 de marzo no Salón Azul

Ás **12.00 h**: presentación da Semana Santa de Betanzos

Venres 12 de abril

Ás **12.00 h** no Salón Azul: presentación do Ciclo de Música Sacra

Na igrexa de San Francisco ás **19.30 h** apertura ao público da peza *Cabeza de Cristo* cedida por Francisco Escudero e a continuación, misa solemne na honra a Nosa Señora das Dores.

Ás **20:30 h** no Alfonso Setti: proxección da película de J. Manuel Coteló "El mayor regalo"

Sábado 13 de abril

Ás **20.30 h** na igrexa de Santiago: pregón da Semana Santa de Betanzos por conta do exalcalde da Coruña Francisco Vázquez Vázquez

Actos posteriores



Venres 3 de maio

Ás **20.30 h** na Sala Xulio Cuns proxección vídeo oficial e entrega de premio de fotografía.

Desde o 3 de maio ata o 19 de maio exposición de fotografía na entrada do Liceo.



Domingo de Ramos, 14 de abril



Domingo de Ramos na Paixón do Señor, cando o noso Señor Xesucristo, como indica a profecía de Zacarías, entrou en Xerusalén sentado sobre un pollino de borrica, e ao seu encontro saíu a multitude con ramos de oliveiras.

09.00 h Misa na igrexa das Madres Agostiñas

10.30 h Misa na igrexa dos Remedios

12.00 h Misa na igrexa de San Domingos

17.30 h Beizón de ramos no adro da igrexa de San Domingos e procesión ata a igrexa de San Francisco.

18.30 h Misa solemne de Domingo de Ramos na igrexa de San Francisco. Finalizada a Santa Misa, terá lugar o **pregón infantil** por conta de *Julia Granja Seijo*. A continuación, regreso da procesión ata o templo de San Domingos.



N.B. Acompañarán a procesión a *Banda Acotaga de Ferrol* e a *Banda Municipal de Música de Betanzos*.



Paso do Neno Xesús Penitente



Martes 16 de abril



NA IGREXA DE SAN DOMINGOS

Ás **19.00 h**: Acto penitencial e misa

Mércores 17 de abril



NA IGREXA DAS MM. AGOSTIÑAS

Ás **19:30 h**: Misa

Ás **20:00 h**: Procesión **VIA CRUCIS** polo casco histórico, ata a igrexa de Santa María.

N.B. Acompañará a procesión a *Agrupación musical Santísimo Cristo da Boa Morte de Ferrol*



Xoves Santo, 18 de abril



Coa misa da cea do Señor evocamos aquela cea na cal o Señor Xesús, na noite en que ía ser entregando, amando aos seus que estaban no mundo, ofreceu a deus pai o seu corpo e o seu sangue baixo as especies do pan e do viño e entregounos aos apóstolos para que os sumisen, mandándolles que eles e os seus sucesores no sacerdocio tamén o ofrecesen.

CELEBRACIÓNS:

MISA DA CEA DO SEÑOR

16.30 h: residencia García Irmáns

18.00 h: igrexa das MM. Agostiñas

19.00 h: igrexa de Santiago

HORA SANTA

23.30 h: igrexa de Santiago

Paso de Xesús atado á columna





PROCESIÓNS

Ás 21:30 h: PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO

Desde a Igrexa de Santa María do Azougue:

- Paso de Xesús atado á columna
- Paso de Xesús Nazareno de Medinaceli
- Paso do Cristo da Misericordia ou dos Mareantes

Desde a igrexa de San Francisco

- Paso do Ecce Homo

Desde a igrexa de Santiago

- Paso da Virxe Dolorosa



*Procesión do Santo Encontro
na Praza da Constitución*

Paso de Xesús Nazareno de Medinaceli



Na Praza da Constitución:

CERIMONIA DO SANTO ENCONTRO

No adro de Santa María do Azougue

CERIMONIA DE DESPEDIDA

N.B. participarán as sopranos *Victoria Álvarez* e *Cristina López*

Acompañarán a Procesión a *Banda de gaitas e tambores Zucurrundullo de Castroverde (Lugo)* e a *Banda Acotaga de Ferrol*

Paso da Virxe Dolorosa



Venres Santo, 19 de abril



A Igrexa, meditando sobre a paixón do seu Señor e Esposo e adorando a cruz, conmemora o seu propio nacemento e a súa misión de estender a toda a humanidade os seus fecundos efectos, que hoxe celebra, dando grazas por tan inefable don, e intercede pola salvación de todo o mundo.

CELEBRACIÓNS:

VÍA CRUCIS ESCENIFICADO

12.00 horas: na igrexa de Santa María do Azogue

CELEBRACIÓN DA MORTE DE XESÚS

16.00 h: residencia García Irmáns

17.00 h: igrexa das Madres Agostiñas

18.00 h: igrexa de Santiago



PROCESIÓNS:

19.30 h: **SANTO ENTERRO**

Sairá na igrexa de San Domingos cos pasos do Cristo das Ánimas, da Nosa Señora da Angustia, Santo Sepulcro e Nosa Señora da Soidade.

N.B. Acompañarán a procesión a *Agrupación musical Virxe da Amargura* e a *Banda das Angustias*, ambas as dúas de Ferrol

22.00 h: **OS CALADIÑOS**

Sairá da igrexa de San Francisco cos pasos da Santa Cruz e da Nosa Señora das Dores.

N.B. Acompañarán esta procesión a *Agrupación musical Virxe da Amargura*, de Ferrol

N.B. En ambas procesións participarán a soprano *Clara Jelihovschi* e a pianista *Ludmila Shevyakova*



Paso da Nosa Señora da Soidade

Paso da Nosa Señora da Angustia



Sábado Santo, 20 de abril



Durante o Sábado Santo a igrexa permanece xunto ao Sepulcro do Señor, meditando a súa paixón e morte, o seu descenso aos infernos, e abstense absolutamente do sacrificio da misa.

SERMÓN DA SOIDADE

12.00 h: na igrexa de San Domingos

PROCESIÓN DA SOIDADE

18.30 h: Sairá da igrexa de San Domingos cos pasos de San Xoán Evanxelista e da Nosa Señora da Soidade

N.B. Participará na procesión a soprano *Clara Jelihovschi* e a pianista *Ludmila Shevyakova*. Acompañarán a procesión a *Banda Acotaga de Ferrol* e a *Agrupación musical Virxe da Amargura de Ferrol*.

Segundo unha antiquísima tradición, esta é unha noite de vela en honra do Señor e a Vixilia que ten lugar nesta, conmemorando a noite santa na que o señor resucitou, ha de considerarse como “a nai de todas as santas vixilias” (Santo Agostiño). Durante a vixilia, a igrexa espera a resurrección do señor. Esta vixilia é figura da Pascua auténtica de Cristo, da noite da verdadeira liberación, na cal, “rotas as cadeas da morte, Cristo ascende vitorioso do abismo”

VIXILIA PASCUAL

20.30 h: residencia García Irmáns

21.00 h: igrexa das Madres Agostiñas

22.00 h: igrexa de Santiago



Paso de San Xoán Evanxelista



Domingo de Pascua, 21 de abril



Este é o día en que actuou o Señor, a solemnidade das solemnidades e a nosa Pascua: a Resurrección do noso Salvador Xesucristo segundo a carne.

CELEBRACIÓNS DA MISA DE PASCUA

09.00 h: igrexa das MM. Agostiñas

10.30 h: igrexa da Nosa Señora dos Remedios

12.00 h: igrexa de San Domingos

13.15 h: igrexa de Santa María do Azougue

18.30 h: igrexa de San Francisco

20.00 h: igrexa de Santiago

Feliz Pascua de Resurrección



Patrocinan:



//ABANCA

infor.b
INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES

TOCHO
Pinturas · Puertas · Ferrajería
Alquiler de Maquinaria

**FUNERARIA
MARIANO**
Servicio de Velatorios



SUAREZ Y LOUREDA
TRANSPORTES

ZoJo

ARUME
FOTOGRAFIA



POBESALUD

e **ESPIÑEIRA**
PINTURA Y DECORACIÓN

Vega
comer y pizer

VIA-MAR

Balbina
Charcutería · Frutas · Verduras

YÖGLIO
YOGURT & SOFTCREAM TEMPTATION



**Coral Polifónica
de Betanzos**





Organiza:



*Cofradía de
Semana Santa
de Betanzos*

Patrocinan:



CONCELLO DE
BETANZOS



1219 2019
BETANZOS

galicia



XUNTA
DE GALICIA
Turismo de Galicia